CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Novembro 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de novembro de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

NOVEMBRO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Novembro 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	206.849	16,0%	395.199	14,5%	1,91	-1,3%	34,78%	5,46
PENSIÓNS	35.256	-7,5%	80.628	1,0%	2,29	9,2%	17,35%	0,35
ESTAB. HOTELEIROS	**242.104**	**11,9%**	**475.827**	**12,0%**	**1,97**	**0,1%**	**29,71%**	**3,91**
APTOS. TURÍSTICOS	4.891	6,2%	13.921	3,5%	2,85	-2,5%	12,67%	1,46
CÁMPINGS	373	-24,2%	740	-17,6%	1,98	8,7%	6,61%	0,68
TURISMO RURAL	8.485	13,6%	13.832	11,0%	1,63	-2,2%	8,18%	0,84
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**13.749**	**9,4%**	**28.493**	**6,3%**	**2,07**	**-2,8%**	**-**	**-**
TOTAL	**255.853**	**11,8%**	**504.320**	**11,7%**	**1,97**	**-0,1%**	**-**	**-**

- No pasado mes de novembro Galicia rexistra un incremento global do volume de demanda turística regrada superando nun 11,7% o nivel de pernoctacións do pasado ano –situándose en pouco máis de medio millón-. Tal circunstancia vén como consecuencia dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados, equivalente en intensidade –nun contexto no que a estadía media mantense estable-.
- É o segundo ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística en Galicia no mes de novembro. Logo da caída rexistrada en 2011 os niveis de demanda estabilízanse a grandes trazos no cuadrienio 2012-15, con variacións pouco significativas, para logo dar un salto cuantitativo importante en 2016 –cunha suba do 14,4%- e agora en 2017 –do 11,7%-. Esta dinámica permite xerar máis de 100 mil novas pernoctacións en dous anos e situar o nivel final en máis de medio millón, a cifra máis elevada dos últimos dez anos.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante. O incremento deste ano engádese ao dos dous anteriores neste caso, sendo do 6,6% en novembro de 2015, do 9,2% en 2016 e do 11,8% agora en 2017. O resultado desta tendencia eleva a cifra final a preto de 256 mil viaxeiros no conxunto da comunidade, dato que se sitúa entre os máis altos da serie histórica cun valor case equivalente ao rexistrado en 2007.
- É o noveno mes neste ano 2017 –e o oitavo consecutivo- no que se observa un comportamento positivo da demanda en relación ao pasado ano. Logo do incremento rexistrado en xaneiro, do

2,2%, a demanda turística cae en febreiro e marzo para voltar á senda de crecemento a partir de abril e ata novembro. O resultado global destes once meses é un incremento global da demanda turística a nivel da comunidade autónoma, do 5,6%, situando o volume de pernoctacións en máis de 10,2 millóns –cifra que supón un máximo histórico na comunidade-. A cifra de viaxeiros aloxados increméntase neste período nun 3,1% ata achegarse aos 4,9 millóns.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Novembro 2005-17



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na xeración de case 27 mil viaxeiros aloxados e de 53 mil novas pernoctacións en relación ao mes de novembro de 2016.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 5,0%- como da volume de noites –do 2,1% neste caso-.
- Dúas comunidades do norte peninsular, concretamente Cantabria e Galicia –con incrementos do 13,1% e 11,7% respectivamente- son as que lideran o crecemento da demanda a nivel estatal. Sitúanse por diante doutras trece sendo en total quince os destinos con comportamento positivo. Neste grupo é Castela e León a comunidade que amosa o incremento de menor intensidade, máis modesto –de pouco máis do 2% interanual-.
- Neste contexto, por tanto, a nosa comunidade sitúase entre as máis dinámicas neste mes de novembro, posición equivalente á observada no pasado mes de outubro. A falta dos datos de decembro Galicia consolida un bo comportamento neste último trimestre do ano.
- Dous destinos presentan un comportamento diferente en relación aos anteriores: Canarias –onde os niveis de demanda se manteñen estables en relación ao pasado ano- e Cataluña –único destino do Estado que neste mes amosa unha caída da demanda turística regrada, do 4,6% neste caso-.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a situación cambia levemente sendo Baleares e Cantabria os destinos que presentan o incremento de maior intensidade –por encima do 20% interanual-, por diante neste caso de Galicia –comunidade que rexistra a terceira cifra máis elevada de crecemento interanual-.

- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,2% do total de España –posición e peso equivalente ao rexistrado no pasado mes de outubro-. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con máis de 8,4 millóns de pernoctacións no mes de novembro –o 36,4% do total-. Sitúanse a continuación Andalucía –con máis de 3,3 millóns de pernoctacións-, a C. Valenciana –con preto de 2,8 millóns-, Cataluña –con máis de 2,5 millóns- e Madrid –con preto de 2,1 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 82,5% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- En novembro o 94,4% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 78,4%- coma ás pensións –co 16,0% neste caso-. O 5,6% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 2,8% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,7% neste caso-. Os cámpings teñen un peso pouco significativo neste mes con apenas o 0,1% do total da demanda –circunstancia propia neste caso dun período de temporada baixa-.
- Esta estrutura da demanda dista da observada, por exemplo, nos meses de xullo e agosto, sendo máis propia e característica dun mes de temporada baixa.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Novembro 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume gañando ademais peso neste mes de novembro en relación aos anteriores –por mor dun menor volume e peso dos cámpings no conxunto da demanda regrada-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo, con incrementos de diversa intensidade agás nos cámpings –única modalidade na que se observa unha caída do 18% por outro lado pouco significativa xa que atinxe a un volume moi baixo de demanda-. Os hoteis e os establecementos de turismo rural son as tipoloxías que amosan un crecemento máis intenso –do 14,5% os primeiros e do 11,0% estes

últimos-. Nos apartamentos turísticos a suba sitúase no 3,5% mentres que nas pensións o incremento é menos notorio, do 1% neste caso.

- En todas as tipoloxías a variación da demanda –medida en pernoctacións- explícase en boa medida por unha evolución parella da cifra de viaxeiros aloxados agás no caso das pensións, única modalidade na que o comportamento é dispar –cae a cifra de viaxeiros un 7,5% mais o incremento da estadía media permite subir o volume de noites un 1% en relación ao mes de novembro do pasado ano-.
- En termos agregados obsérvase un incremento da demanda no segmento hoteleiro –hoteis e pensións- do 12,0% e tamén no segmento extrahoteleiro –apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- do 6,3% en relación ao pasado ano.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Novembro 2017/16, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de preto de 51 mil noites no segmento hoteleiro e de case dúas mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de novembro do pasado ano. O comportamento é, por tanto, homoxéneo aínda que con diferenzas notables de intensidade.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu diferenza de comportamento entre os hoteis e as pensións en termos de intensidade pois en ambas tipoloxías mellóranse as cifras de demanda de novembro do pasado ano. Esta diferenza trasládase ademais ás diversas categorías. En consecuencia, sobe a demanda en todos os segmentos dos hoteis, sendo especialmente intenso o crecemento naqueles de categoría intermedia –hoteis de dúas estrelas, cunha suba do 20%-. Nos hoteis de catro e cinco estrelas, de maior peso na estrutura da demanda, o crecemento sitúase no 14,8%.
- No lado das pensións obsérvase neste caso un comportamento dispar. Increméntase a demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 6,5%- mais cae nas de unha estrela –un 7,3% neste caso-, circunstancia que vén acontecendo ao longo dos últimos meses.

- Neste mes de novembro o 82,9% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 17,1% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse bastante á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 81% mentres que o internacional representa o 19%-. Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo estranxeiro queda por debaixo do 20%. Dista moito do que se rexistra en temporada media –cando o mercado internacional supera o 30% no peor dos casos-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Novembro 2017



- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de novembro, con similar intensidade. O turismo nacional presenta un comportamento positivo superando nun 11,6% os niveis de demanda do pasado ano como consecuencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 10,1%- nun contexto de estabilidade da estadía media. Son dous anos de crecemento consecutivo do turismo nacional en Galicia no mes de novembro situando o nivel deste 2017 en pouco máis de 418 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos dez anos-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Novembro 2017/16



- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica positiva superando nun 19,2% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 11,8% o volume de noites de novembro de 2016. Neste caso son catro anos consecutivos de crecemento do turismo internacional en Galicia no mes de novembro –a taxas variables- que sitúan os niveis deste 2017 en máis de 49 mil viaxeiros e de 86 mil noites –cifras que supoñen máximos históricos na nosa comunidade-.
- Ambos segmentos de mercado teñen, por tanto, un comportamento similar en termos de intensidade o que permite manter o peso dos mesmos dentro do total, isto é, manter estables as cuotas de mercado en relación ao pasado ano. Neste sentido o turismo nacional supón o 83% do total da demanda mentres que o 17% restante queda para o internacional.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. Ambos melloran os niveis de demanda no sector hoteleiro –un 12,2% o nacional e un 11,0% o internacional- así como no conxunto da oferta extrahoteleira –o turismo nacional mellora neste caso un 2,8% e o internacional un 27,5%. Así pois, o bo comportamento dos dous segmentos de mercado trasládase ás dúas grandes modalidades de aloxamento, en porcentaxes variables.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,97 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. A evolución da estadía media nos últimos anos é dispar, con caídas case consecutivas desde 2009 ata 2015, incremento puntual en 2016 e estabilidade agora en 2017. Por terceiro ano consecutivo a estadía media fica debaixo das dúas noites de media no mes de novembro.
- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con preto de 2,9 noites de media neste mes de novembro. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas e variables: son 2,3 noites nas pensións, dúas noites nos cámpings, 1,9 noites nos hoteis e 1,6 noites nos establecementos de turismo rural -tipoloxía que unha vez máis rexistra o dato máis baixo de toda a oferta regrada-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Novembro 2017



- Estas cifras son tamén características dun mes de temporada baixa pois manteñen un nivel relativamente elevado aínda que inferior ao observado no verán. As pensións marcan xa unha das cifras máis elevadas, circunstancia que só acontece neste período pois no resto do ano rexistra sempre os valores máis baixos de toda a oferta regrada.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora nas pensións e nos cámpings –entorno a un 9% en ambas- mentres que descende nas restantes tres tipoloxías –un 1,3% nos hoteis, un 2,5% nos apartamentos turísticos e un 2,2% nos establecementos de turismo rural-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia superando os valores de sete comunidades autónomas. Novamente Canarias –cunha media de 7,8 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 4,1 noites sitúase a continuación a C. Valenciana por diante de Baleares –que rexistra un promedio de 3,9 noites- e Murcia –que rexistra unha media de 3,2 noites neste caso-. No lado contrario é novamente Castela e León o destino que presenta o valor máis baixo con pouco máis de 1,7 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Novembro 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase neste caso un comportamento homoxéneo. Sobe e mellora en todas as tipoloxías, de forma máis intensa nos hoteis –en máis de cinco puntos porcentuais- e máis moderada nas restantes modalidades –sobe en algo máis dun punto nos apartamentos turísticos e menos dun punto nas restantes tres tipoloxías-.
- En todas as tipoloxías a mellora dos niveis de ocupación vén como consecuencia dun incremento do volume de demanda agás no caso dos cámpings onde se observa un descenso da oferta dispoñible superior á caída do número de noites. Todas estas variacións afectan en todo caso a niveis moi baixos e pouco significativos.

- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 34,8% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings cunha ocupación media do 6,6%.